

IDENTIFICADORES, ORDINAIS E CUANTIFICADORES

1. Os pronomes identificadores

Os pronomes identificadores fan referencia a unha realidade e poden ser simples, se só identifican, xa sexa de xeito definido (ambos, cada) ou ben indefinido e vago (certo, un, cada); ou reforzados, cando indican relación de igualdade (mesmo, propio, tal) ou diferenza (outro, máis, demais).

- Ambos en función adxectiva sempre debe ir seguido dun artigo e só pode utilizarse co numeral dous:

Exemplo: *Ambos os dous son os meus parentes.*

- Un pode funcionar tamén como cuantificador indefinido cando aparece en plural, con valor semellante a alguéns:

Exemplo: *Uns non saben o que fan, pero, afortunadamente, outros si.*

- É obrigada a contracción de outro coa preposición en:

Exemplo: *Está noutro lugar.*

- Coa preposición de é opcional a contracción:

Exemplo: *Sempre foi doutro xeito / de outro xeito.*

PRONOMES IDENTIFICADORES	
Simples	Reforzados
ambos - ambas, cada,	mesmo - mesma - mesmos -
un - unha - uns - unhas,	propio - propia - propios -
certo - certa - certos - certas, calquera	outro - outra - outros - outras, tal - tales, máis, demais

2. Os pronomes ordinais

Indican a orde temporal ou espacial dos elementos aos que se refiren e poden funcionar como núcleo ou adxacente: Este café é o segundo que tomas hoxe, Aí chega o quinto ciclista.

Todos presentan variación de xénero e número e se o pronome está composto por dous elementos só se marca no segundo: primeiras, vixésimo cuartas.

A partir de décimo o máis habitual é usar o cuantificador cardinal: once, doce, trece...

PRONOMES ORDINAIS		
primeiro, primeira, primeiros, primeiras	undécimo / décimo primeiro	centésimo...
	duodécimo / décimo segundo	ducentésimo...
segundo, segunda, segundos, segundas	décimo terceiro...	tricentésimo...
	(...)	(...)
terceiro...	vixésimo...	milésimo...
cuarto...	trixésimo...	dous milésimo...
quinto...	cuadraxésimo...	
sexto...	quincuaxésimo...	
sétimo...	sesaxésimo...	
oitavo...	septuaxésimo...	
noveno / nono...	octoxésimo...	
décimo...	nonaxésimo...	

Os pronomes cuantificadores

Cuantifican con maior ou menor precisión os elementos aos que se refiren. Clasifícanse en tres grupos:

1. **definidos** : *Custoume sete euros.*
2. **Indefinidos**: *Ten poucos aforros.*
3. **Absolutos**: *Gastou todos os aforros.*

1. Cuantificadores definidos

Indican unha cantidade exacta e clasifícanse en diferentes grupos:

- Os numerais cardinais, indican a cantidade exacta de unidades: un, dous, vinte e un, mil, corenta e nove, trescentos...
- Os multiplicativos indican a cantidade pola que se multiplica unha unidade: dobre, triplo, cuádruplo, quíntuplo, séxtuplo, séptuplo, óctuplo, nóuplo, décuplo, céntuplo...

- Os partitivos indican a cantidade exacta pola que se divide unha unidade: medio, metade, terzo, cuarto, quinto, doceavo, centésima, milésima...

- Hai tamén unha serie de substantivos con valor numeral colectivo que fan referencia a un conxunto formado por un número exacto de unidades e sempre funcionan como núcleo, nunca como adxacente:

par, parella, ducia, cento, centena, millar, milleiro...

2. Cuantificadores indefinidos

Indican cantidade imprecisa e divídense en dous grupos:

- Os apreciativos, que indican cantidade indeterminada desde o punto de vista dunha apreciación particular: algún, uns, varios, alguén, algo, moito, pouco, demasiado, bastante, abondo.

- Os correlativos, que indican unha cantidade imprecisa en relación con outra, podendo ser igual (tanto-tanta-tantos-tantas), maior (máis) ou menor (menos).

3. Cuantificadores absolutos

Indican cantidade total (todo-toda-todos-todas) ou negan a existencia de cantidade (ningún-ningunha-ningúns-ningunhas, ninguén, nada).

PRONOMES CUANTIFICADORES		
Definidos	cardinais	un, doce, vinte e seis, trinta e nove, mil...
	multiplicativo	dobro, duplo, cuádruplo, séxtuplo,
	partitivos	metade, quinto, décimo, treceavo,
	colectivos	decena, vintena, centena, milleiro...
Indefinidos	apreciativos	moito-a-os-as, pouco-a-os-as, varios-as
	correlativos	tanto-a-os-as, máis, menos
Absolutos	todo-a-os-as, ninguén, ningún-s, ningunha-s, nada	